

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 3 DE OUTUBRO DE 2019

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barrriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Valín Fernández, Alberto Juan

Estudantes

Alejandre Ojea, Mónica

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o xoves 3 de outubro de 2019, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de setembro de 2019.

2.- Informe da presidenta.

3.- Aprobación, se procede, da actividade extraacadémica e de difusión cultural “Roteiro Cultural e Natural polo Concello de Montealegre”.

4.- Aprobación, se procede, de cambios de horarios do curso 2019 – 2020.

5.- Aprobación, se procede, da proposta de premio extraordinario de Grao en Xeografía e Historia para o curso 2018 - 2019.

6.- Debate e acordo, relativo ao escrito remitido por membros da Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo en defensa das Humanidades.

7.- Aprobación, se procede, do gasto do exercicio 2019.

8.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de setembro de 2019.

Explica a secretaria que hai un erro na numeración dos puntos na acta a aprobar que eran 10, na transcripción figuran 12 debido a que se saltaron os números 4 e 6, pide desculpas e procédese a corrixir a numeración. Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza explicando que o pasado mércores día 2 de outubro, Isabel Ferreiro en calidade de responsable dos Gabinetes Psicopedagóxicos da UVigo, mantivo unha reunión coa vicerreitora do Campus de Ourense e coa coordinación do PAT dos centros que tamén se encargan das necesidades especiais do alumnado. Isabel Ferreiro explicou o venres día 27 de setembro, nunha reunión en Vigo, indicóuselle que o gabinete xa non se encargaría das necesidades especiais do alumnado, a pesar de que ese apartado estaba claramente contemplado no prego do contrato. Desde o punto de vista da decana o tema é preocupante porque o gabinete leva anos realizando una boa labor. A responsable dos gabinetes mostrou a tódolos presentes o seu malestar. Despois desta reunión considerouse convinte solicitar á vicerreitora responsable desta área, Maribel Doval, unha xuntanza conxunta para aclarar esta cuestión.

A decana falou por teléfono Maribel Doval, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, quen explicou que este servizo realizado por unha empresa privada subcontratada vai continuar realizando a súa labor, pero coa supervisión e colaboración da UNATEN (Unidade de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo) que é un servizo propio da UVigo. Estableceuse un protocolo de actuación e será a Comisión quen estudará e derivará ao alumnado que o precise a ese servizo.

Lembra a decana que estamos en proceso electoral para designar aos novos representantes polos sectores de estudantes, PDI non permanente e PAS. Fai de novo un chamamento para que as persoas interesadas se presenten.

Este venres día 5 de outubro, no Castelo de Monterrei reúnese o xurado para fallar o Premio Taboada Chivite, ao que se presentaron catro persoas.

Comezaron tamén os traballos do Muro de Bubal, hai uns días realizouse dende a Deputación de Ourense a presentación a cargo do Reitor, o presidente da Deputación, a alcaldesa de Oímbra, o alcalde de Monterrei, o arqueólogo encargado de proxecto, o vicedecano Adolfo Fernández, e a decana. Tamén se valorou a posibilidade de organizar unhas xornadas que recollan as intervencións que se realizaron cos concellos da Mancomunidade de Verín, moitos con implicación de profesorado da Facultade de Historia e a proposta foi ben acollida por tódalas persoas presentes.

A idea na que se traballa é a de organizar un congreso aproveitando que o pasado 16 de setembro, a Axencia de Turismo de Galicia publicou unha convocatoria de “subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións, incentivos ou calquera outro evento relativo ao turismo de reunións en Galicia para os anos 2019 e 2020”. Vaise tramitar esta

axuda así como unha subvención da Deputación. Coa organización destas xornadas trataríase de realizar un recoñecemento aos concellos implicados e ao profesorado que traballa nos proxectos. A idea é a de facer coincidir a entrega do Premio Xesús Taboada Chivite coa apertura do citado congreso.

3.- Aprobación, se procede, da actividade extraacadémica e de difusión cultural “Roteiro Cultural e Natural polo Concello de Montealegre”.

En relación a este punto a decana da lectura a un correo electrónico remitido por Beatriz Comendador que non pode asistir á xunta por estar impartindo docencia: “Con respecto al punto 2 solo señalar que es una pena no haber tenido información antes, ya que llevo dos años participando en un proyecto arqueológico en Montealegre, con apoyo del Ecomuseu do Barroso, y hubiese añadido elementos a esa visita cultural programada como actividad del centro”

Explica a decana que a actividade non está aínda pechada e que está aberta a todo tipo de colaboración por parte das persoas interesadas en realizar as súas aportacións, finaliza agradecendo o interese da profesora. A secretaria contactará con Beatriz Comendador para indicarlle que contacte con Begoña Garrido da empresa Xeitura para coordinar as accións a desenvolver na actividade.

A asignación de prazas neste evento será por rigorosa orde de inscrición.

Apróbase a realización da actividade por asentimento.

4.- Aprobación, se procede, de cambios de horarios do curso 2019 – 2020.

Os cambios aos que se vai dar lectura foron xa consensuados co alumnado implicado: na materia de Historia da arte moderna, que inicialmente figuraba os xoves de 11.00 a 12.00 pasará agora aos martes de 12.00 a 13.00; na materia de Sistemas de Representación Xeográfica que inicialmente figuraba o mércores de 13.00 a 14.00 pasará agora aos martes de 11.00 a 12.00.

En relación a materia de Historia da arte moderna, os cambios débense á baixa por enfermidade da profesora Yolanda Barriocanal. O profesor Fermín Pérez, explica que a Uvigo agora non admite profesorado invitado polo que se propuxo aumentar o contrato de asociado ao prof. Victoriano Nodar.

En relación á materia de Sistemas de Representación Xeográfica, a profesora Elena de Uña solicita que dado que xa existe profesorado nesa materia, sexa esta persoa quen figure como coordinadora.

Apróbanse por asentimento.

5.- Aprobación, se procede, da proposta de premio extraordinario de Grao en Xeografía e Historia para o curso 2018 - 2019.

Onte día 2 de outubro, reuniuse a comisión permanente para aprobar un cambio na relación de profesorado que formaba parte do tribunal para o premio extraordinario de Grao. Aprobouse que Susana Reboreda formase parte do tribunal en substitución de Yolanda Barriocanal que se atopa de baixa por enfermidade.

A persoa designada polo tribunal é Rubén López Verísimo. Apróbase a proposta de premio extraordinario por asentimento.

6.- Debate e acordo, relativo ao escrito remitido por membros da Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo en defensa das Humanidades.

O citado escrito foi remitido a tódolos membros da xunta de facultade. A decana da lectura á opinión enviada por correo electrónico por Beatriz Comendador “Con respecto al punto 6, mi opinión es no apoyar el escrito en su totalidad, ya que hace una apelación de defensa a las Humanidades en general, para luego solo centrarse en intereses particulares de la Facultad de Filología. En todo caso, si me parece que podría ser oportuna la temática de fondo en cuanto a la defensa de las humanidades y establecer alguna reunión o contacto al respecto”

Susana Reboreda explica os motivos que deron lugar ao citado escrito por parte de membros da Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo. Gran parte do profesorado presente aporta a súa opinión sobre o tema, coinciden en que se trata dun escrito moi específico. Conclúese que se estaría a favor dun escrito en favor das Humanidades en xeral, no que se podería reclamar a revisión do decreto 222/2011, que é a norma que regula o ensino universitario en Galicia que, entre outras cuestións, marca límites mínimos de alumnos para a continuidade dos títulos, tanto de grao como de mestrado. Considérase interesante que no escrito estean implicados tódalas titulacións relacionadas coas Humanidades e que todas realizaran as súas achegas.

7.- Aprobación, se procede, do gasto do exercicio 2019.

En relación ao gasto do exercicio 2019, está pendente de acolchar a aula de gravación e que se poñan enchufes noutra aula. Quedarían pendentes para reparacións 540 euros, haberá que falar coa administradora para saber si se pode facer uso desa cantidade para acometer outras reparacións.

Outra factura pendente de abonar son os honorarios da empresa Nasas, que este ano realizou unha campaña máis modesta dada a redución dos custes dos orzamentos da Universidade de Vigo. A idea é trasladar os sobrantes de cartos

de atencións protocolarias, axudas de custo, á partida coa que se poidan pagar á citada empresa. Desde Nasas, creouse unha conta de instagram que xestiona a secretaria da facultade Josefina Cadilla. A decana agradécelle a labor desempeñada, nestes momentos temos xa 324 seguidores, unha boa cifra tendo en conta que somos un centro pequeno, nun campus periférico e que a conta leva funcionando tan só desde finais de maio.

Queda pendente a petición formulada por María López dunha impresora. Na Delegación de alumnado quedan 1800 euros co que se pagarán os pinchos de gradación que non se facturaron no seu día e as bandas.

Apróbanse os gastos do exercicio 2019 por asentimento.

8.- Rolda de intervencións.

A decana procede a dar lectura a outra parte do correo remitido por Beatriz Comendador:

"Informo a la Xunta de Centro que tras un periodo de 6 años como coordinadora por la Universidad de Vigo del máster interuniversitario en Arqueología y Ciencias de la Antigüedad, es mi intención presentar la próxima semana la dimisión de este cargo. Han sido más de seis años de servicio desde mi participación en la comisión redactora del título, en el proceso de verificación e implantación (Vigo se incorporó oficialmente en POD en el curso 2014-2015), en el proceso de acreditación del título (curso 2017/2018) y en el proceso de remodelación para la incorporación de la UDC (curso 2018/2019) que se hará efectiva el curso próximo. Toda esta gestión no ha carecido de múltiples problemas derivados de la gestión interuniversitaria del título, especialmente a efectos administrativos. Aún así se han ido superando todas las dificultades y actualmente el título sigue en pie con el número de alumnos requerido (19 por la USC+ 2 por la UVIGO), lo cual supone una satisfacción.

La semana próxima presentará su dimisión también el coordinador de la USC, ya que ha cumplido el plazo máximo en el que puede asumir el cargo, y entendemos que esto cierra un ciclo. Es por ello que mi intención es dejar el cargo también y presentaré mi dimisión a continuación.

No quiero dejar de mencionar la gran labor de gestión desarrollada por el equipo de coordinación de la USC y el trato cordial que siempre ha habido al abordar en el día a día las tareas de gestión, a pesar de las dificultades propias de coordinación de un título entre dos universidades. Gracias y un saludo".

A decana explica que é necesario proceder ao nomeamento da persoa que asuma este cargo, aínda que non estaba na orde do día. Solicítase que o citado

punto se incorpore para poder debater e tomar unha decisión ao respecto. Acéptase a súa inclusión dado que tódolos membros presentes están de acordo.

Despois de varias intervencións, acórdase que Susana Reboreda asumirá a coordinación do mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, pero ela mesma indica que farao consciente das súas limitacións e advirte que non poderá chegar á altura do que fixo Beatriz Comendador, á que agradece o esforzo e a labor desenvolvida.

Apróbbase o nomeamento de Susana Reboreda como nova coordinadora do mestrado interuniversitario que será efectiva unha vez a profesora Beatriz Comendador presente oficialmente a súa dimisión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.15 h do día 3 de outubro de 2019, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba